



sindicato  
labrego galego  
comisións labregas

membro de:



Gabinete de Prensa - R/ Ofelia Nieto 13-23, baixo. 15705 . Santiago de Compostela  
981 554 147 / 649 541 773 prensa@sindicatolabrego.com www.sindicatolabrego.com

Comunicado de  
prensa do SLG

22-03-2017

## O SLG inicia unha campaña para expresar o rexeitamento do sector lácteo galego á granxa das 20.000 vacas

O Sindicato Labrego Galego iniciará esta semana unha campaña de recollida de sinaturas para deter o proxecto da granxa das 20.000 vacas que unha empresa navarra pretende levar a cabo na localidade soriana de Noviercas. Autorizar un modelo de semellantes dimensións equivale a asegurar a destrución dos empregos que dependen da agricultura e deixar o medio rural sen a súa principal fonte de riqueza. A granxa de Noviercas suporía un desastre medioambiental, social, económico e sanitario sen precedentes no agro. Vexamos os porques:

- **Economía e emprego:** A súa instalación e actividade virían substituír a produción leiteira de 432 explotacións familiares da zona, o que ocasionaría a destrución de 726 postos de traballo directos no medio rural. 40 granxas das dimensións da de Noviercas terían capacidade para producir máis leite que todo o sector lácteo estatal xunto na actualidade. Con só 10, cubriríamos a actual produción de Galiza. Só a macro-explotación de Noviercas producirá o mesmo que 500 granxas cunha produción media de 500.000 litros. Sería un desastre a nivel de destrución de emprego e de despoboamento do medio rural
- **Medio Ambiente:** A granxa de Noviercas consumiría entre 4 e 6'35 millóns de litros de auga ao día e xeraría unhas 368.000 toneladas de zurros ao ano, o que implicaría que leitos fluviais, auga potábel, saúde pública, fauna e mesmo outras actividades económicas, como o turismo da zona, puideran verse gravemente afectadas. Consumiría máis auga e xeraría máis refugallos que a cidade de Soria enteira. A empresa pide 6 millóns de euros de cartos públicos para poder tratar os residuos, o dobre dos 3 millóns de euros dedicados pola Consellaría de Medio Rural para as axudas de apoio ao sector lácteo galego en 2016.
- **Benestar animal:** A intensificación da produción sería unha barbaridade, cunha media de 30 unidades de gando maior (UGM) por hectárea.

- **Sanidade:** Sería unha bomba a nivel sanitario, pois un só caso positivo de tuberculose bovina, moi posible ao ter que traer animais de diversas procedencias para xuntar unha cabana gandeira tan desproporcionada, obrigaría a sacrificar todas as vacas con cargo a orzamentos públicos. O baleiro sanitario da macro-granxa de Noviercas custaríalle á Xunta de Castela e León 16'4 millóns de euros.
- **Calidade:** O Estado Español converteríase no principal produtor de leite-lixo de Europa, fronte a países coma Irlanda, que apostan polo produción en base a pastos e forraxes naturais, ou Francia, onde os labregos e labregas da Confédération Paysanne lograron paralizar e poñer á opinión pública en contra dun proxecto de granxa de 1.000 vacas que, en comparación coa de Noviercas, queda pequena. A granxa de Noviercas sería un primeiro paso para facer do Estado Español o produtor de leite barato de Europa e de subprodutos como leite en po, rendíbeis para grandes empresas pero ruinosos e inviables para as granxas familiares.

Aínda que poida parecer que a macro-explotación de Noviercas non afecta ao sector lácteo galego, a súa posta en marcha equivalería a aceptar no Estado e na Unión Europea un modelo produtivo alleo e inviable para as familias labregas que, de expandirse, sería un auténtico cancro para o medio rural. Dende o Sindicato Labrego Galego, iniciamos esta campaña para informar ao sector da grave ameaza que supón este proxecto gandeiro para as granxas activas na actualidade, con independencia do seu tamaño; e para recompilar sinaturas que expresen o rexeitamento maioritario que macro-explotacións como a de Noviercas deberían suscitar en gandeiros e gandeiras, en particular, e na sociedade en xeral.

Saúdos do gabinete de comunicación do Sindicato Labrego Galego

Se precisan máis información, poden falar coa responsábel do sector lácteo no SLG, a gandeira Lupe Prado, no 685 805 783; ou co coordinador dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso, no

660 215 335